




MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2009/10

Servizo de Deportes
Universidade de Vigo



MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2009/10

Servizo de Deportes
Universidade de Vigo



edita Servizo de Deportes. Universidade de Vigo
deseño e maquetación magenta
imprime
depósito legal

SAÚDO DO VICERREITOR		
ACTIVIDADES DE LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA	6	
ESCOLAS DEPORTIVAS		
ESCOLA DE TENIS PARA NENOS		
CURSOS E ACTIVIDADES DE INICIACIÓN		
ACTIVIDADES DE LECER E RECREACIÓN	10	
RUTAS CULTURAIS		
DELECER		
AUGAVENTURA		
ACTIVIDADES DE DEPORTE E SAÚDE	12	
ACTIVIDADE FÍSICA SAUDABLE		
USO DAS SALAS DE CARDIO-FITNESS		
PROGRAMAS DE EXERCICIO FÍSICO PERSONALIZADO (PONTE EN FORMA)		
MEDICINA DEPORTIVA		
FISIOTERAPIA		
OUTRAS ACTUACIÓNS		
ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN	17	
COMPETICIÓN INTERNAS		
LIGAS UNIVERSITARIAS		
TORNEO DE COPA – I COPA FAIR PLAY		
CAMPIONATOS INDIVIDUAIS		
CAMPIONATOS PDI E PAS		
COMPETICIÓN ESCOLA DE TENIS		
COMPETICIÓN INTERUNIVERSITARIAS		
CAMPIONATOS GALEGOS		
CAMPIONATOS DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL		
CAMPIONATOS DE ESPAÑA		
COMPETICIÓN EUROPEAS E MUNDIAIS		
		32 ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E DIVULGACIÓN
		CURSO DE INTRODUCCIÓN AO VOLUNTARIADO DEPORTIVO
		OBRADOIRO DE VOLUNTARIADO, DEPORTE E ACTOS DEPORTIVOS
		III CONGRESO INTERNACIONAL CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA
		33 SECCIÓNS FEDERADAS
		CAMPUS DE OURENSE
		CAMPUS DE VIGO
		37 ACTOS
		ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES
		COORGANIZADOS CON OUTRAS ENTIDADES
		SEDES DOUTRAS ACTIVIDADES E ACTOS
		42 OUTRAS ACTUACIÓNS
		PARTICIPACIÓN EN REDES
		CALIDADE
		RECOÑECEMENTOS INTERNOS A DEPORTISTAS
		MENCIÓN HONORÍFICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO
		44 SERVIZOS E VANTAXES
		TARXETA DEPORTIVA UNIVERSITARIA
		PROGRAMA PONTE EN FORMA
		PROXECTO CENTRO DEPORTIVO ABERTO (SUPLEMENTO DÚO)
		BOLSAS PARA O ALUMNADO COLABORADOR
		PROGRAMA DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS
		OUTROS
		46 INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
		XESTIONADAS POLO SERVIZO DE DEPORTES
		COMPLEXOS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS (CDU)
		49 ARQUIVO DE PRENSA
		67 DIRECTORIO E ENTIDADES COLABORADORAS



DR. D. XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ

VICERREITOR DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

Á miña chegada á Vicerreitoría de Extensión Universitaria atopeime con dous grandes acontecementos a piques de comezar. Primeiramente, entre o 21 e o 26 de xuño tería lugar o X Forum FISU (congreso bianual da Federación Internacional de Deporte Universitario) coa participación de 256 delegados de 71 países, e posteriormente, do 29 de xuño ao 4 de xullo, disputaríase o XI Campionato do Mundo Universitario de Taekwondo coa participación de máis de 500 competidores de 41 países.

Estes dous importantes fitos fixéronme prestar especial atención ao labor do Servizo de Deportes dentro da Universidade de Vigo, e puiden comprobar o entusiasmo, o compromiso e a dedicación cos que eran abordados tanto o día a día coma os novos retos polos bos profesionais que alí traballaban.

Precisamente, esta memoria serve de testemuña do traballo desenvolvido durante o curso 2009/10 en colaboración cun amplo número de entidades colaboradoras de todo o sur de Galicia.

Pode comprobarse que existe un enfoque moi coherente, cunha clara vocación de servizo, que incorpora características propias que lle engaden valor á nosa Universidade:

Igualdade de oportunidades, de mulleres e homes, dos tres campus que conforman a Universidade, dos tres colectivos que directamente a compoñen (estudantes/persoal docente investigador/persoal de administración e servizos), tendo en conta as distintas capacidades e posibilidades.

Esfuerzo por se adaptar continuamente á evolución da práctica deportiva na sociedade e ás demandas das persoas usuarias.

Preocupación polo fomento de estilos de vida máis activos, en especial pola súa contribución á mellora da saúde física e psicolóxica dos participantes.

Procura de alianzas estratéxicas e colaboracións con entidades públicas e privadas, potenciando sinerxías que permitan aumentar as posibilidades da comunidade universitaria en particular e da contorna en que se sitúa.

Énfase na comunicación, para acadar una valoración cada vez máis positiva da participación en actividades físico-deportivas, tanto entre os practicantes coma entre as persoas que aínda permanecen inactivas deportivamente.

Internacionalización, a través de participación en redes que fagan posible un maior e mellor contacto coa realidade deportiva de universidades de todo o mundo (ENAS, FISU, EAS).

Especial relevancia tivo neste último curso académico o avance da liña de traballo relacionada coa saúde. Cómpre destacar o éxito da posta en funcionamento do Servizo de fisioterapia nos campus de Vigo e de Ourense e, sobre todo, a consolidación da Área de Deporte e Saúde como tal no Campus de Pontevedra.

A décima edición do programa de rutas culturais, desenvolvida dende o campus de Ourense, incluíu 12 rutas nas que se ocuparon un total de 976 prazas. Deste xeito, o programa amósase como un dos mellores recursos para motivar ás persoas cara a un estilo de vida máis activo e saudable, ao tempo que aproxima a provincia de Ourense aos universitarios mediante a toma de contacto coa paisaxe e o patrimonio histórico e cultural.

No deporte de competición cómpre salientar os resultados de dous equipos do Campus de Vigo, o equipo feminino de tenis e o de xadrez, xa que os dous acadaron o subcampionato galego absoluto.

Na competición universitaria Rebeca Mariño e Fernando Rascado participaron no campionato do mundo universitario de taekwondo e Estefanía Domínguez no de triatlón.

No deporte profesional debemos sobrancear os éxitos conseguidos polo ciclista Serafín Martínez, do Xacobeo-Galicia, quen triunfou na montaña en diversas competicións internacionais, e a incorporación ao primeiro equipo do R.C. Celta de Alex Rodríguez. Pero por riba de todo destaca Javi Gómez Noya, que volveu a ser campión do mundo de Triatlón. Todos eles son viva mostra de que é posible compaxinar os estudos universitarios coa práctica do deporte profesional.

Os Premios á Excelencia Deportiva corresponderon nesta segunda edición a Teresa Portela (piragüismo) e a Óscar Vicente (triatlón).


Outros eventos destacados foron a XIX Gala do Deporte Universitario desenvolvida no Campus de Ourense e a cuarta edición da carreira 10 Km Cidade Universitaria.

O Servizo de Deportes continuou, en definitiva, avanzando no seu obxectivo de converter a práctica deportiva nun elemento central e vertebrador da vida cotiá das persoas que estudan e traballan na Universidade de Vigo. Queda aínda moito camiño por percorrer, pero o espírito deportivo está afeito ao esforzo e á superación.

ACTIVIDADES DE LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA

ACTIVIDADES DE LECER E INICIACIÓN DEPORTIVA

ESCOLAS DEPORTIVAS



ESCOLAS DEPORTIVAS

Este programa desenvólvese nos tres campus e inclúe unha ampla oferta con preto de 50 modalidades deportivas diferentes, para que os universitarios tomen contacto co deporte que lles resulte de maior interese.

As propostas tradicionais como natación, ioga ou tenis seguen en cabeza, pero cada vez máis, vanse impondo novas prácticas deportivas que están tendo moi boa acollida, como o pilates ou o *aquagym*.


Entre os tres campus que compoñen a Universidade existen algunhas diferenzas nas preferencias deportivas. En Ourense destacan tenis, aeróbic, pilates, voleibol e *wushu sanda*. En Pontevedra, os usuarios preferiron o multideporte, o aeróbic, a musculación e pilates. No Campus de Vigo as actividades que contaron con máis adeptos foron tenis, natación, ioga e aeróbic.

No seu conxunto foron 1.640 o total de inscricións, que corresponderon a 1.150 participantes. Preto do 60% foron mulleres.

MODALIDADE	1º CUADRI MESTRE	2º CUADRI MESTRE	TOTAL
AERÓBIC	17	24	41
AEROBOX	5	3	8
AQUAFITNESS	4	7	11
BOOT CAMP	20	20	40
BOXEO	3	0	3
DANZAS ORIENTAIS	11	11	22
DEFENSA PERSOAL JIU - JITSU	7	7	14
IOGA	15	15	30
JUDO	2	1	3
KARATE	0	2	2
KICK BOXING	2	9	11
NATACIÓN	2	2	4
PÁDEL	3	4	7
PILATES	20	20	40
POWER DUNDELL	20	0	20
SPINING	7	3	10
TAI CHI	7	6	13
TENIS	18	26	44
VOLEIBOL	20	20	40
WUSHU	1	6	7
WUSHU SHANDA	20	20	40
XADREZ	3	3	6
TOTAL	207	230	437

MODALIDADE	1º CUADRI MESTRE	2º CUADRI MESTRE	TOTAL
ABDOMINAIS - <i>CARDIOBOX + STEP</i>	6	4	10
AERÓBIC	27	27	54
AERÓBIC LATINO + GAP - ESTIRAMENTOS	3	2	5
AEROBOX	10	9	19
AEROTONO	1	1	2
AIKIDO	2	-	2
AQUAGYM	28	15	43
BODY PUMP	9	6	15
BOXEO	5	5	10
CAPOEIRA	9	2	11
DANZA CONTEMPORÁNEA (INICIACIÓN)	4	1	5
DANZAS ORIENTAIS	7	10	17
FITNESS-MUSCULACIÓN	6	6	12
FULL CONTACT	3	3	6
GAP	6	2	8
IOGA	50	30	80
JIU JITSU + <i>APKIDO</i>	3	2	5
JUDO	8	6	14
KENDO	5	5	10
KICK BOXING	2	2	4
LATINO + <i>STEP LATINO</i>	2	-	2
MUAY - <i>THAY BORAN</i>	6	5	11
NATACIÓN	48	48	97
PÁDEL	6	-	6
PILATES	22	27	49
SANDA	1	1	2
SPINNING	13	7	20
STEP	3	2	5
STEP - ABDOMINAIS + AERÓBIC LATINO	14	8	22
STEP + STILOS	2	1	3
TAEKWONDO	8	8	16
TAI CHI	5	4	9
TAI CHI + <i>DAOYIN</i>	3	2	5
TENIS	61	76	137
TONIFICACIÓN BARRA	1	-	1
XADREZ	36	-	36
TOTAL	425	327	752

MODALIDADE	1º CUADRI MESTRE	2º CUADRI MESTRE	TOTAL
MUSCULACIÓN	35	29	64
NATACIÓN	15	13	28
AERÓBIC	45	40	85
KUNG FU	9	3	12
FULL EQUIPE	124	87	211
PILATES	21	10	31
TAI CHI	7	8	15
TAEKWONDO	3	2	5
TOTAL	259	192	451



ESCOLA DE TENIS PARA NENOS

Vigo, novembro 2009 - xuño 2010

A actividade, organizada para os fillos do PDI e PAS por terceiro ano consecutivo, desenvolveuse no Campus de Vigo, nas pistas exteriores e no pavillón universitario. Participaron un total de 23 alumnos (16 rapaces e 7 rapazas) con idades comprendidas entre os 5 e os 14 anos.

CURSOS E ACTIVIDADES DE INICIACIÓN

Iniciación á esgrima. Ourense, novembro de 2009

Esta actividade foi organizada conxuntamente entre o Servizo de Deportes e a Vicerreitoría do Campus de Ourense e impartíuse na aula ludoteca da Facultade de Ciencias da Educación, grazas á colaboración da Asociación de Amigos da Esgrima.

Participantes: 8 homes.

Curso de iniciación ao watervolei. Ourense, de marzo a maio de 2010

A través da escola deportiva de voleibol organizouse un curso de iniciación ao watervolei que se desenvolveu na piscina universitaria do campus.

Participantes: 10.



Curso de iniciación ás loitas olímpicas. Pontevedra, do 3 ao 31 de maio de 2010

Realizado na sala-tatami da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e organizado polo Servizo de Deportes en colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e o Club [CafyD](#) Pontevedra.

O curso estivo dirixido aos membros da comunidade universitaria en xeral, tanto con coñecementos previos e en boa forma física como persoas que se quixesen iniciar neste deporte.

Foi impartido polo adestrador e loitador Marcos Miragalla.

Participantes: 12 (10 homes e 2 mulleres).

Curso de iniciación á orientación. Vigo, 29 de abril de 2010

Actividade gratuítala e aberta a todos os membros da comunidade universitaria, que se desenvolveu sobre un plano do campus universitario de Vigo.

Total participantes: 12 (5 mulleres e 7 homes).

Curso de iniciación ao triatlón. Vigo, desde decembro de 2009 ata xuño de 2010

Este curso desenvolveuse no campus das Lagoas, Marcosende (na pista de atletismo e na piscina do Complexo Deportivo Universitario), ata o 30 de xuño, con adestramentos de carreira a pé e natación os martes e xoves e de bicicleta durante as fins de semana.

Os organizadores do curso foron Lorena García, adestradora nacional de triatlón e natación, e Luís Piña, director técnico da Federación Galega de Triatlón.

Participantes: 13 (3 mulleres e 10 homes).

Xornadas de portas abertas de squash. Vigo, outubro de 2009

Do 5 ao 8 e do 13 ao 15 de outubro foron organizadas unhas xornadas de portas abertas de squash no Complexo Deportivo Universitario de Vigo, co obxectivo de recuperar a enorme afección polo squash que existía hai uns anos entre a comunidade universitaria. Buscou máis a parte lúdica que a didáctica e formativa.

As xornadas concluíron cunha competición entre todos os asistentes.

Participantes: 18 (7 mulleres e 11 homes).

Curso intensivo de squash. Vigo, marzo a maio de 2010

O curso tivo unha duración de 20 horas e contou coa colaboración do Club Vigo Squash e con dous dos seus monitores: Pablo Dafonte e Adán López.

Participantes: 11 (4 mulleres e 7 homes).

Curso de iniciación ao rugby. Vigo, novembro de 2010

Estas xornadas de achegamento ao rugby incluíron 30 horas de clase. Nas nove primeiras sesións abordáronse cuestións de tipo técnico, como as normas de xogo na modalidade de sete xogadores (*seven a side*), ao tempo que se fomentou a deportividade, o compañeirismo, o esforzo e o respecto por todas as persoas que interveñen nun equipo, como adestradores, compañeiros, rivais ou árbitros.

A despedida do curso realizouse o mércores 2 de decembro cunha xornada especial en que se disputou o xa tradicional torneo de rugby 7.

Participantes: 25 (22 homes e 3 mulleres).



Iniciación ao surf. Vigo, 24 e 25 de outubro de 2009. Vigo, 27 e 28 de febreiro do 2010

Consistiu nunha actividade teórico-práctica gratuítala aberta aos membros da comunidade universitaria. Levouse a cabo na praia de Patos (Nigrán) a través de Prado Surf Escola. As clases impartíronas técnicos titulados pola Federación Galega de Surf e todos os alumnos tiveron á súa disposición o material necesario (táboa de surf, licra e neopreno).

Contido do curso: explicación do material que se ía utilizar, normas de seguridade na auga, quentamento muscular e estiramentos, práctica de remada, toma de ondas tumbados, explicación da técnica do stand up e práctica deste.

Participantes no mes de outubro: 65 (32 mulleres e 33 homes).


Participantes no mes de febreiro: 79 (37 mulleres e 42 homes).



ACTIVIDADES DE LECER E RECREACIÓN



ACTIVIDADES DE LECER E RECREACIÓN



RUTAS CULTURAIS

O programa de rutas culturais por Ourense, organizado conxuntamente polo Servizo de Deportes e a Vicerreitoría de Ourense, acadou este ano a súa décima edición. Con esta iniciativa preténdese aproximar a provincia de Ourense aos universitarios, mediante a toma de contacto coa paisaxe e o patrimonio histórico e cultural dalgúns dos seus enclaves máis fermosos e recoñecidos.



A participación nas rutas daba opción a que o alumnado acadase créditos de libre configuración. Ademais, cada membro da comunidade universitaria podía ir acompañado dunha persoa non universitaria.

Nesta edición superouse o número de participantes con respecto ao ano anterior (aumento do 12 %). Do total de sendeiristas o 61 % foron mulleres e o 39 % homes).

	DATA	RUTA	OU	VIGO-PO	TOTAL
RUTAS CULTURAIS	24 de outubro	Ruta das termas	33	78	111
	7 de novembro	Ruta dos muíños do río Lonía	50	52	102
	22 de novembro	Ruta currosiana	31	51	82
	12 de decembro	Ruta do río Barbantiño	40	50	90
	16 de xaneiro	Ruta Santa Mariña de Augas Santas	32	49	81
	30 de xaneiro	Ruta serra do Xurés	39	35	74
	20 de febreiro	Ruta do Ribeiro	50	44	94
	13 de marzo	Ruta dos mosteiros de San Pedro de Rocas e de Santo Estevo	43	49	92
	10 de abril	Ruta da Vía da Prata	50	44	94
	24 de abril	Ruta mosteiros de Montederramo-San Mamede	27	29	56
8 de maio	Ruta canón do Sil	35	32	67	
15, 16 e 17 de maio	Ruta da Vía da Prata (Camiño de Santiago dende Ourense)	26	7	33	
TOTAL			456	520	976

DELECECER

(marzo-abril de 2010)

Este curso académico levouse a cabo a décima edición desta actividade que é a suma de deporte, diversión e contacto coa natureza. Desta vez o programa de deporte e tempo libre incluíu catro actividades: parapente, pontismo, paracaidismo e a novidade de voo sen motor. Dúas delas realizadas na xeografía galega e as outras dúas en Portugal.

Como ocorre cada ano, o programa Delececer non sería factible sen a activa colaboración de clubs e entidades de recoñecida experiencia (Escola de Voo a Vela Mogadouros, Club Universitario de Deportes Aéreos, Club Nortada, Club de Paracaidismo Galsur e Turnauga).

Nesta edición chegouse aos 123 participantes, dos que 50 foron mulleres e 73 homes.

	ACTIVIDADE	MULLER	HOME	TOTAL
DELECECER	PARACAIDISMO	4	11	15
	PARAPENTE	14	12	26
	PONTISMO	25	41	66
	VOO SEN MOTOR	7	9	16
	TOTAL	50	73	123

AUGAVENTURA

(marzo, abril e maio de 2010)

Este programa de actividades específicas para o medio acuático (xa sexa en auga de río, piscina ou no mar) levouse a cabo entre os meses de abril e maio e incluíu un total de cinco modalidades, catro no Campus de Vigo e unha no de Pontevedra.

As entidades que desenvolveron o programa foron: Atlantis S.L., Escola de Vela Punta Lagoa, RC Náutico de Sanxenxo, Arrepións e Prado Surf Escola.

Participaron en total 110 persoas (51 mulleres e 59 homes).

	ACTIVIDADE	MULLER	HOME	TOTAL
AUGAVENTURA	MERGULLO <i>ADVANCED</i>	1	37	4
	MERGULLO <i>OPEN</i>	7	7	14
	RAFTING	25	40	65
	SURF	18	9	27
	VELA PESADA	-	-	-
	VELA LIXEIRA	-	-	-
TOTAL		51	59	110

ACTIVIDADE FÍSICA SAUDABLE

SALAS DE CARDIO-FITNESS

Coa posta en funcionamento da sala de cardio-*fitness* do Campus de Pontevedra completouse a dotación deste tipo de instalacións nos tres campus da Universidade. A asistencia a estas instalacións por parte da comunidade universitaria resultou, un ano máis, realmente satisfactoria xa que se alcanzaron un total de 37.208 usos entre os tres campus (77,9 % homes e 22,1 % mulleres).



CAMPUS DE OURENSE

Desde xullo de 2009 ata maio de 2010 rexistráronse un total de 13.416 usos na sala de cardio-*fitness*, dos que 1.266 corresponden a PDI/PAS, 9.751 son usos de alumnado universitario e 2.399 de persoas externas.

CAMPUS DE PONTEVEDRA


Desde setembro de 2009 ata maio de 2010 rexistráronse un total de 5.012 usos na sala de cardio-*fitness*, dos que 248 corresponden a PDI/PAS, 4.327 son usos de alumnado universitario e 437 de non universitarios (mediante convenios coa Universidade).

Estes datos supoñen un incremento significativo no número de usuarios con respecto ao curso pasado, no que 4.399 persoas asistiron á sala.

CAMPUS DE VIGO

Durante o curso 2009-2010 a sala de cardio-*fitness* do Campus das Lagoas, Marcosende, contou con 18.780 usos, 13.375 dos cales foron alumnado, 3.421 corresponderon a persoal da Universidade e 1.984 a persoas alleas a esta.

SALAS DE CARDIO-FITNESS



CAMPUS OURENSE

	TOTAIS	%
HOMES	9.755	73 %
MULLERES	3.661	27 %
ALUMNADO	9.751	73 %
PDI/PAS	1.266	9 %
PERSOAS EXTERNAS	2.399	18 %

CAMPUS PONTEVEDRA

	TOTAIS	%
HOMES	3.408	68 %
MULLERES	1.604	32 %
ALUMNADO	4.327	86 %
PDI/PAS	248	5 %
PERSOAS EXTERNAS	437	9 %

CAMPUS VIGO

	TOTAIS	%
HOMES	15.867	84,5 %
MULLERES	2.913	15,5 %
ALUMNADO	13.375	71 %
PDI/PAS	3.421	18 %
PERSOAS EXTERNAS	1.984	11 %

PONTE EN FORMA

As unidades de actividade física personalizada do Servizo de Deportes desenvolveron ao longo do curso 2009/2010 un total de 264 programas personalizados de exercicio físico (146 homes e 118 mulleres).

CAMPUS DE OURENSE

Fundamentalmente realizáronse programas personalizados coa finalidade de: acadar un condicionamento físico xeral, mellora estética, redución de masa graxa ou mantemento e tonificación xeral.

Ponte en Forma: 96 programas realizados.

CAMPUS DE PONTEVEDRA

O programa Ponte en Forma arrincou en Pontevedra o 21 de xaneiro de 2010. Nos seus primeiros seis meses en funcionamento realizáronse adestramentos personalizados a 44 usuarios.


Os obxectivos primordiais dos programas foron: perda de peso, prevención de dores de costas e programas de recuperación de lesións (fundamentalmente de xeonllos e algúns de hipertrofia muscular).

Ponte en Forma: 44 programas realizados.

CAMPUS DE VIGO

Este ano superáronse os 100 programas trimestrais de exercicio físico personalizado. Os obxectivos buscados maioritariamente foron: acondicionamento físico xeral e redución da masa graxa, mellora da imaxe persoal e recuperación de diferentes lesións (fundamentalmente de xeonllos e costas).

Ponte en Forma: 124 programas realizados.



CAMPUS OURENSE



	HOMES	MULLERES
ALUMNADO	12	8
PDI	23	17
PAS	13	10
CÓNXUXES/FILLOS	6	7
TOTAL	54	42

CAMPUS PONTEVEDRA

	HOMES	MULLERES
ALUMNADO	24	12
PDI	1	3
PAS	3	1
CÓNXUXES/FILLOS	0	0
TOTAL	28	16

CAMPUS VIGO


	HOMES	MULLERES
ALUMNADO	19	18
PDI	33	23
PAS	10	19
CÓNXUXES/FILLOS	2	0
TOTAL	64	60



MEDICINA DEPORTIVA

As Unidades de Medicina Deportiva dos tres campus teñen como obxectivo principal o asesoramento e control médico-deportivo dos usuarios dos programas Ponte en Forma. Ademais, a comunidade universitaria en xeral tamén pode acceder a servizos específicos e concretos como probas de esforzo, consultas dietéticas ou consultas por lesións. Entre os tres campus realizáronse 235 consultas.

MEDICINA DEPORTIVA



CAMPUS DE OURENSE

96 consultas médicas (54 a homes e 42 a mulleres).

CAMPUS DE PONTEVEDRA

45 consultas médicas (29 a homes e 16 a mulleres).

CAMPUS DE VIGO

94 consultas médicas (50 a homes e 44 a mulleres).

MOTIVOS DE CONSULTA	HOMES	MULLERES	TOTAL
REVISIÓNS PONTE EN FORMA	132	101	233
REVISIÓNS DEPORTIVAS BÁSICAS	45	11	56
LESIÓNS	18	8	26
DIETÉTICA	3	9	12
ANTROPOMETRÍA	5	4	9
PROBA DE ESFORZO	7	2	9
TOTAL	210	135	345

FISIOTERAPIA

Este curso puxéronse en marcha as unidades de fisioterapia nos campus de Vigo e de Ourense como complemento ao programa de deporte e saúde do Servizo de Deportes. A grande acollida que tivo entre a comunidade universitaria reflectiuse nas 134 persoas (63 homes e 71 mulleres) que fixeron uso dos servizos de fisioterapia ofrecidos.

CAMPUS DE OURENSE

A Unidade de Fisioterapia presta servizos no Campus de Ourense dende o 8 de febreiro de 2010. Ata rematar o mes de maio rexistráronse 70 consultas.

CAMPUS DE VIGO

Durante o curso 2009-2010 leváronse a cabo 64 consultas de fisioterapia.


CAMPUS OURENSE

	TOTAIS	%
HOMES	34	49 %
MULLERES	36	51 %
ALUMNADO	7	10 %
PDI	33	47 %
PAS	26	37 %
CÓNXUXES/FILLOS	4	6 %


CAMPUS VIGO

	TOTAIS	%
HOMES	29	45 %
MULLERES	35	55 %
ALUMNADO	17	27 %
PDI	20	31 %
PAS	25	39 %
CÓNXUXES/FILLOS	2	3 %

CAMPUS OURENSE



CAMPUS VIGO



OUTRAS ACTUACIÓNS

IV Congreso Iberoamericano de Universidades Promotoras da Saúde

A 4.ª edición deste congreso reuniu en Pamplona, do 7 ao 9 de outubro, a representantes de 41 universidades de España e de América. A Universidade de Vigo estivo representada neste a través da asistencia do responsable do seu proxecto Universidade Saudable, así como mediante a presentación de dous pósters sobre iniciativas realizadas dentro deste ámbito:

- Grupo USAUVigo por unha universidade saudable.
- Prescrición de actividade física personalizada no ámbito universitario.

Colaboración coas Xornadas de Actividade Física e Mulleres. Ourense, Pontevedra e Vigo, febreiro-marzo de 2010

O Servizo de Deportes e a Área de Igualdade organizaron, entre o 17 de febreiro e o 3 de marzo, as primeiras xornadas de actividade física e mulleres. O programa incluíu diferentes conferencias e talleres prácticos en que se abordaron cuestións clave como o estudo das causas que impiden a normal incorporación da muller á práctica deportiva, a análise dos estereotipos de xénero asociados ao deporte ou o fomento da actividade deportiva entre as mulleres para evitar as situacións de exclusión. As xornadas desenvolvéronse nos tres campus e contaron cunha participación total de 96 persoas (83 mulleres e 13 homes).

Curso coida as túas costas para o PAS. Ourense, Pontevedra e Vigo, febreiro-maio de 2010

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais coa colaboración do Servizo de Deportes puxo en marcha este ano unha nova iniciativa que tivo como obxectivo mellorar a formación do persoal na prevención das dores de costas e na adquisición de boas posturas de traballo, incrementando deste xeito a cultura da saúde no ámbito laboral. O curso realizouse nas instalacións deportivas dos tres campus e foi impartido polo persoal médico e técnico do Servizo de Deportes. A boa aceptación por parte do PAS elevou a participación total a 96 persoas (Vigo: 8 homes e 46 mulleres; Pontevedra: 5 homes e 18 mulleres; Ourense: 2 homes e 17 mulleres).



Colaboración na celebración do Día Mundial da Saúde. Ourense, 7 de abril de 2010

Con motivo do Día Mundial da Saúde, a Universidade de Vigo colaborou co Concello de Ourense, a través dun posto de promoción da vida saudable por medio do exercicio físico.

Durante os días 8 e 9 de abril leváronse a cabo medicións de talla e peso da poboación ourensá en xeral, así como o cálculo do índice de masa corporal e a composición de masa graxa e muscular. Asemade, déronse consellos de actividade física e outros hábitos saudables de forma persoal. Acudiron máis de 120 persoas.

Colaboración co Salón de Prevención e Seguridade Laboral. Ourense, 12 e 13 de maio de 2010

A Universidade de Vigo colaborou neste salón celebrado no recinto de Expourense coa Consellería de Sanidade, dentro do Programa Galego de Promoción de Actividades Saudables, Exercicio e Alimentación (PASEA).

Nestas xornadas de atención individualizada fixéronse medicións antropométricas, probas de condición física e déronse consellos de actividade física saudable, consellos nutricionais e de deshabitación do tabaquismo.



COMPETICIÓN INTERNAS

LIGAS UNIVERSITARIAS (novembro de 2009 - marzo de 2010)


O Servizo de Deportes propón todos os anos unha serie de modalidades deportivas de competición para os membros da comunidade universitaria dentro do Programa de Ligas. O obxectivo é dar resposta ao espírito competitivo e de cooperación entre os participantes.

Estas competicións internas constitúen a actividade con maior participación das organizadas dende o Servizo de Deportes. Nesta edición houbo un total de 236 equipos inscritos, coa participación de 3.042 xogadores que puideron disputar semanalmente un ou dous partidos durante 6-7 meses.

O número de persoas inscritas descendeu en todas as modalidades deportivas con respecto ao curso 2008-2009 preto dun 20 %.

As modalidades con máis participación foron fútbol sala masculino e fútbol 7 masculino, en primeiro e segundo lugar, respectivamente. No campus vigués os equipos de fútbol sala e fútbol 7 masculino superaron os 1.100 xogadores.

En canto a equipos femininos, a aposta máis forte é a de fútbol sala feminino no Campus de Vigo, con 6 equipos e máis de 70 xogadoras. O campus de Pontevedra contou con 2 equipos femininos nesta modalidade.



ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN



ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN



Fase previa Por campus, de novembro de 2009 a marzo 2010

Na súa primeira fase desenvolvéronse ligas específicas por campus. As competicións prolongáronse ata febreiro ou ata marzo segundo o sistema de competición e o número de divisións existentes.

CAMPUS DE OURENSE	Nº EQUIPOS		GANADOR
	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	
BALONCESTO FEMININO	1	12	CAMPUS OURENSE
BALONCESTO MASCULINO	5	48	VÉMONOS NOS BARES
FÚTBOL SALA FEMININO	2	22	SOSAS CAUSTICAS
FÚTBOL SALA MASCULINO	21	206	UN CAÑO, UNAS RISAS Y PA CASA
FÚTBOL 7 FEMININO	1	10	CAMPUS OURENSE
FÚTBOL 11 MASCULINO	12	132	LOS ÁNGELES DE NELSON
VOLEIBOL FEMININO	1	10	UNOU
VOLEIBOL MASCULINO	1	10	UNOU
TOTAL	44	450	

CAMPUS DE PONTEVEDRA	Nº EQUIPOS		GANADOR
	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	
BALONCESTO FEMININO	1	12	LAS INEFTAS
BALONCESTO MASCULINO	4	48	OS SOBRIÑOS DO TÍO FACUNDO
BALONMÁN MASCULINO	3	42	DRINK KING TEAM
FÚTBOL SALA FEMININO	1	12	KOKI'S GIRLS
FÚTBOL SALA MASCULINO	10	120	LOS ÁNGELES DE PAZFRAN
FÚTBOL 7 MASCULINO	11	154	ISÓTOPOS DE A XUNQUEIRA
VOLEIBOL MIXTO	3	36	BARBITÚRICOS
TOTAL	33	424	

CAMPUS DE VIGO	Nº EQUIPOS		GANADOR
	Nº EQUIPOS	Nº PARTICIPANTES	
BALONCESTO MASCULINO	20	240	SANGRA BONITO GLOBBER THORPES
BALONMÁN	6	84	FORZA 7 (MASCULINO) FEMENINO EXISTE (FEMININO)
FÚTBOL SALA FEMININO	6	72	DESCANSA F.C.
FÚTBOL SALA MASCULINO	65	780	ATIKETEIMPORTA QSAD
FÚTBOL 7 MASCULINO	62	992	PIMPINELAS LOS PANCHOS
TOTAL	159	2.168	

Fase final intercampus Pontevedra, 11 de febreiro de 2010

Na final intercampus participan os equipos gañadores das ligas universitarias en cada campus.


A edición de 2010 incluíu sete modalidades: baloncesto feminino, baloncesto masculino, balonmán masculino, fútbol sala feminino, fútbol sala masculino, fútbol masculino e voleibol masculino.

Nesta final participan tres equipos por modalidade, a excepción de baloncesto, fútbol e fútbol sala (categorías masculinas), en que a final conta con catro participantes por estar o campus de Vigo representado por dous equipos.

Os gañadores desta final intercampus clasificáronse para os campionatos galegos universitarios de deportes de equipo, que serven de fase previa para poder participar nos campionatos de España universitarios.

Os encontros de baloncesto, balonmán e voleibol disputáronse no pavillón multiusos da Xunqueira; o de fútbol no campo de herba sintética da Xunqueira e o de fútbol sala no pavillón universitario.

FINAL INTERCAMPUS	1º POSTO		2º POSTO	
	MODALIDADE	EQUIPO	MODALIDADE	EQUIPO
BALONCESTO FEMININO	OURENSE (OURENSE)	INEFTAS (PONTEVEDRA)		
BALONCESTO MASCULINO	SANGRA BONITO (VIGO)	GLOBBERS TORPES (VIGO)		
BALONMÁN FEMININO	FEMENINO EXISTE (VIGO)			
BALONMÁN MASCULINO	FORZA 7 (VIGO)			
FÚTBOL SALA FEMININO	DESCANSA F.C. (VIGO)	SOSAS CAUSTICAS (OURENSE)		
FÚTBOL SALA MASCULINO	TOMA ESPECTÁCULO (VIGO)	UN CAÑO, UNAS RISAS Y PA CASA (OURENSE)		
FÚTBOL 7 MASCULINO	PIMPINELAS (VIGO)	LOS PANCHOS (VIGO)		
FÚTBOL	ISÓTOPOS DE A XUNQUEIRA (PONTEVEDRA)	PIMPINELAS (VIGO)		
VOLEIBOL MASCULINO	MEXTURANSA GALEGA (VIGO)	UNOU (OURENSE)		



TORNEO DE COPA – I COPA FAIR PLAY

O Torneo de Copa é unha competición en que poden participar todos os equipos que teñan participado nas ligas.

Consta dunha fase previa e unha fase final e compítense en seis modalidades: baloncesto, balonmán, fútbol 7, fútbol sala, voleibol e rugby 7.

Como novidade o torneo pasou a denominarse I Copa Fair Play xa que para as modalidades de fútbol sala, fútbol 7 e baloncesto introduciuse no regulamento un novo sistema de puntuación que valora o xogo limpo. Así, de producirse condutas antideportivas durante os encontros (cinco ou máis tarxetas amarelas, vermella directa, realizar cinco ou máis faltas etc.) sumaranse directamente puntos ou goles no marcador do equipo contrario.

O obxectivo desta iniciativa é penalizar a falta de deportividade no campo e fomentar o xogo limpo.

A participación chegou ata os 955 xogadores distribuídos en 74 equipos.

**Fase previa
Por Campus, do 7 de abril
ao 7 de maio de 2010**

As competicións celebráronse en cada campus coa seguinte participación e equipos gañadores:

CAMPUS DE OURENSE	Nº EQUIPOS		Nº PARTICIPANTES		GAÑADOR
	BALONCESTO MASCULINO	1	12	VÉMONOS NOS BARES	
	FÚTBOL 7 MASCULINO	4	78	LOS ÁNGELES DE NELSON	
	FÚTBOL SALA FEMININO	2	10	SOSAS CÁUSTICAS	
FÚTBOL SALA MASCULINO	14	110	UN CAÑO, UNAS RISAS Y PA CASA		
TOTAL	17	210			



CAMPUS DE PONTEVEDRA	Nº EQUIPOS		Nº PARTICIPANTES		GAÑADOR
	BALONCESTO MASCULINO	3	32	1.º RECREATIVO DE JUERGA 2.º LOS APACHES PEREGRINOS	
	BALONMÁN MASCULINO	1	14	1.º ESTRELLA COJA	
	FÚTBOL 7 MASCULINO	6	75	1.º LOS QUETAS 2.º LUME NAS CHAPAS	
FÚTBOL SALA FEMININO	1	12	1.º INEFTAS		
FÚTBOL SALA MASCULINO	8	84	1.º TRIS TRAS 2.º LOS ÁNGELES DE PAZFRAN		
TOTAL	19	217			

CAMPUS DE VIGO	Nº EQUIPOS		Nº PARTICIPANTES		GAÑADOR
	BALONCESTO MASCULINO	4	48	SANGRA BONITO	
	FÚTBOL 7 MASCULINO	18	288	SÉLOQUEHICISTEIS	
	FÚTBOL SALA FEMININO	2	24	AVELASVIR	
FÚTBOL SALA MASCULINO	14	168	REAL SUCIEDAD		
FÚTBOL 7 PDI-PAS	3	48	VIRGEN DE GUADALUPE		
BALONCESTO PDI-PAS	2	24	PESADILLA TEAM		
TOTAL	38	528			

**Fase final
Ourense**

Os mellores equipos en cada unha das modalidades e en cada campus da fase previa déronse cita para xogar a fase final o 21 de maio de 2010 no Campus de Ourense. Disputáronse encontros en tres modalidades de competición: fútbol 7, fútbol sala (masculino e feminino) e baloncesto masculino.

Participantes: 140 (108 homes e 32 mulleres).

FÚTBOL 7

1.º	LOS QUETAS
2.º	SÉLOQUEHICISTEIS
3.º	LOS ÁNGELES DE NELSON

FÚTBOL SALA FEMININO


1.º	INEFTAS
2.º	SOSAS CÁUSTICAS
3.º	AVELASVIR

FÚTBOL SALA MASCULINO

1.º	CUEVILLAS F.S.
2.º	REAL SUCIEDAD
3.º	TRIS TRAS

BALONCESTO MASCULINO

1.º	SANGRA BONITO
2.º	VÉMONOS NOS BARES
3.º	RECREATIVO DE JUERGA



CAMPIONATOS INDIVIDUAIS

Campionato Universitario de Tenis de Mesa Ourense, 16 de marzo de 2010

Disputado entre representantes dos tres campus da Universidade de Vigo, cunha participación total de 21 persoas (18 homes e 3 mulleres).

No torneo individual masculino houbo unha primeira fase de grupos para determinar o paso a unha fase final mediante sistema de eliminatoria directa. En individual feminino disputouse en modalidade de triangular, mentres que na categoría de dobres o pase levouse a cabo de forma directa.

Campionato Universitario de Pádel Pontevedra, 16 de Marzo de 2010

A competición tivo lugar nas instalacións do Club Padel Bao e só houbo participación en parellas masculinas.

Participantes: 14.

Campionato Universitario de Tenis

A fase previa (só para o Campus de Vigo) xogouse no transcurso do mes de marzo de 2010 nas modalidades individual masculino, individual feminino e dobres masculino. A fase final tivo lugar entre os días 8 e 12 de marzo no Campus de Vigo con participación de xogadores dos tres campus.

Participantes: 28 xogadores.

Campionato Universitario de Squash Vigo, 25 de marzo de 2010

Disputouse nas instalacións do Complexo Deportivo Universitario baixo a dirección técnica do Club Vigo Squash. A competición foi mixta.

Participantes: 9 xogadores.

CAMPIONATOS DE PDI E PAS Ourense e Vigo, abril e maio de 2010

O persoal docente e investigador e mais o persoal de administración e servizos participaron nun programa específico de competición.

En fútbol 7 participaron 2 equipos do Campus de Ourense e 2 equipos do Campus de Vigo. Os gañadores de cada campus disputaron o primeiro posto en Ourense coincidindo coa final do Torneo de Copa o día 21 de maio.

Tamén o 21 de maio se disputou un torneo de tenis con participación de 10 xogadores e outro de pádel en que participaron 4 parellas.

Participantes: 65 xogadores.

Estes dous equipos representaron a Universidade no Campionato Galego de PDI-PAS.


COMPETICIÓN ESCOLA DE TENIS Vigo, abril - xuño de 2010

Primeira edición da competición.

Xogouse en dúas fases, liga e eliminatorias, con grupos mixtos.

Participantes: 23 xogadores.

PARTICIPANTES COMPETICIÓN INTERNAS



TENIS DE MESA

INDIVIDUAL MASCULINO

1.º	LUCAS RODRÍGUEZ
2.º	JUAN ANTONIO FERREIRO

INDIVIDUAL FEMININO

1.º	VICTORIA CADILLA
2.º	ELISABET CADILLA

DOBRES

1.º	LUCAS RODRÍGUEZ E XURXO RODRÍGUEZ
2.º	MIGUEL LÓPEZ E JUAN ANTONIO FERREIRO

PÁDEL

1.º	VÍCTOR GARCÍA - RODRIGO FIGUEROA
2.º	CARLOS CONDE- JOSÉ ENRIQUE CONDE

TENIS

INDIVIDUAL MASCULINO

1.º	RODRIGO FIGUEROA VÁZQUEZ
2.º	VÍCTOR GARCÍA DOMÍNGUEZ

INDIVIDUAL FEMININO

1.º	CARLA BARCIELA RODRÍGUEZ
2.º	MARTA SABURIDO RIAL

DOBRES

1.º	VÍCTOR GARCÍA DOMÍNGUEZ E ALBERTO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
2.º	JAIME FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ E PABLO TORIO GÓMEZ

SQUASH

CAMPIÓN INDIVIDUAL


LUCAS RODRÍGUEZ

SUBCAMPIOA INDIVIDUAL

VICTORIA CADILLA

PDI E PAS

1.º	A CHISPA MOLLADA (CAMPUS DE OURENSE)
2.º	VIRGEN DE GUADALUPE (CAMPUS DE VIGO)





COMPETICIÓN INTERUNIVERSITARIAS

CAMPIONATOS GALEGOS (febreiro - maio de 2010)

Neste tipo de competicións enfróntanse os representantes das tres universidades galegas, tanto en deportes de equipo como individuais.

Organizados e con participación da Universidade de Vigo:

Campionato Galego de Volei-Praia Vigo, 15 de abril de 2010

O campionato celebrouse na praia do Bao baixo a dirección técnica do Club Xuvenil de Teis e estivo dividido en dúas categorías, masculina e feminina. A participación total foi de 19 parellas. As parellas da Universidade de Vigo mellor clasificadas en cada categoría acadaron o dereito de representar a Universidade no Campionato de España.


Participantes da Universidade de Vigo: 18.

	MASCULINA	FEMININA
VOLEI PRAIA		
1.º	DIEGO MAHÍA CERNADAS / EDUARDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ UNIVERSIDADE DE VIGO	ANA M.ª VIDAL POUSA / M.ª JOSÉ CORRAL BOUZA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
2.º	PABLO VIDAL BOUZA / BORJA GONZÁLEZ VICENTE UNIVERSIDADE DA CORUÑA	ALBA ABELLEIRA MONTERO / ASIA ADRA VARELA UNIVERSIDADE DE VIGO
3.º	JESÚS VÁZQUEZ CARO / NARCISO ABALO CHOUZA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO	CLARA MACÍA VÁZQUEZ / MARÍA PENA LÓPEZ UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Campionato Galego Universitario de Natación Ourense, 9 de marzo de 2010

Celebrado no Complexo Deportivo Universitario do Campus de Ourense coa colaboración da Federación Galega de Natación.

Participantes: 72 persoas.



NATACIÓN

50M LIBRES MASCULINOS		50M LIBRES FEMININOS	
1.º SUÁREZ VILELA, LUIS	UDC	1.º MARTÍNEZ PIÑEIRO, LAURA	USC
2.º PÉREZ MARTÍNEZ, MIGUEL	UDC	2.º CARBALLO REY, LARA	UVI
3.º GULÍAS PARGA, BORJA	USC	3.º PAMPÍN SAAVEDRA, C.M.	USC
100M LIBRES MASCULINOS		100M LIBRES FEMININOS	
1.º SUÁREZ VILELA, LUIS	UDC	1.º MARTÍNEZ PIÑEIRO, LAURA	USC
2.º POMBO LÓPEZ, SERGIO	USC	2.º PAMPÍN SAAVEDRA, C.M.	USC
3.º COSTA GARCÍA, ADRIÁN	UDC		
400M LIBRES MASCULINOS		400M LIBRES FEMININOS	
1.º POMBO LÓPEZ, SERGIO	USC		
2.º TABOADA VILA, ALBERTO	UVI		
3.º DIEZ CASADO, HÉCTOR	UDC		
50M BRAZA MASCULINOS		50M BRAZA FEMININO	
1.º ALVES RIVAS, CARLOS	UVI	1.º LANDÍN GALLEGU, RAQUEL	USC
2.º CARRILLO BLANCO, SAMUEL	UVI	2.º CRESPO GONZÁLEZ, MÍRIAM	UDC
3.º MARTÍNEZ PARENTE, BIEITO	UVI	3.º ABAD COSTOYA, TANIA	USC
100M BRAZA MASCULINO		100M BRAZA FEMININO	
1.º ALVES RIVAS, CARLOS	UVI	1.º PÉREZ FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, A.	UDC
2.º MARTÍNEZ PARENTE, BIEITO	UVI	2.º ABAD COSTOYA, TANIA	USC
3.º GARCÍA JANEIRO, ADÁN	USC	3.º VALIÑO GÓMEZ, ESTHER	USC
50M BOLBORETA MASCULINO		50M BOLBORETA FEMININO	
1.º GARCÍA SOTO, HÉCTOR	UDC	1.º TOMÉ ANTELO, ARANTXA	UVI
2.º PÉREZ MARTÍNEZ, MIGUEL	UDC	2.º YEBRA DOMÍNGUEZ, ALBA	UVI
3.º FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, ALBERTO	UDC	3.º MALVIDO GAGO, IRIS	USC
100M BOLBORETA MASCULINO		100M BOLBORETA FEMININO	
1.º FERNÁNDEZ NOVOA, IVÁN CLAUDIO	UVI	1.º VIEITEZ PORTO, MYRIAM	UVI
2.º COSTA GARCÍA, ADRIÁN	UDC	2.º TOMÉ ANTELO, ARANTXA	UVI
3.º ÁLVAREZ MARTÍNEZ, FCO JAVIER	UVI		
50M COSTAS MASCULINO		50M COSTAS FEMININO	
1.º FERNÁNDEZ NOVOA, IVÁN CLAUDIO	UVI	1.º CARBALLO REY, LARA	UVI
2.º LÓPEZ ARTABE, JAVIER	UDC	2.º PRESAS PÉREZ, SANDRA	UVI
3.º FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, ALBERTO	UDC	3.º CANEDA FERNÁNDEZ, MÓNICA	USC
100M COSTAS MASCULINO		100M COSTAS FEMININO	
1.º TABOADA VILA, ALBERTO	UVI	1.º PRESAS PÉREZ, SANDRA	UVI
2.º LAGO LÓPEZ, DIEGO	UVI	2.º CANEDA FERNÁNDEZ, MÓNICA	USC
3.º DIEZ CASADO, HÉCTOR	UDC	3.º BLANCO GARCÍA, SHEILA	UDC
100M ESTILOS MASCULINOS		100M ESTILOS FEMININOS	
1.º LÓPEZ ARTABE, JAVIER	UDC	1.º PÉREZ FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, A.	UDC
2.º ARES DÍAZ, FRANCISCO	USC	2.º LANDÍN GALLEGU, RAQUEL	USC
3.º CARRILLO BLANCO, SAMUEL	UVI	3.º VIEITEZ PORTO, MYRIAM	UVI

Con participación da Universidade de Vigo:

Campionato Galego Universitario de Deportes Colectivos Santiago de Compostela, 24 e 25 de febreiro de 2010

Nesta competición cada universidade está representada por un único participante, que no caso da Universidade de Vigo é o gañador da liga interna en cada modalidade.

Participaron un total de 310 deportistas.

Participantes da Universidade de Vigo: 109.

Campionato Galego Universitario de Xadrez A Coruña, 9 de marzo de 2010

Fernando Sánchez, da Universidade de Santiago de Compostela, conseguiu o título de Campión Galego Universitario.

Na segunda posición rematou Manuel Pena, da Universidade de Vigo e campión nas dúas últimas edicións. En terceira posición quedou o mexicano Mauro Arturo Rivera (USC).

Participantes da Universidade de Vigo: 39 (3 mulleres e 36 homes).

Campionato Galego Universitario de Orientación A Coruña, 1 de maio de 2010

As competicións disputáronse no estadio universitario e os arredores do Campus de Elviña. Contou coas categorías feminina (D-UNI) de 3 quilómetros de distancia e masculina (H-UNI) de 5 Km.


Participantes: 12 (5 mulleres e 7 homes).

Campionato Galego Universitario de PDI/PAS A Coruña, 27 de maio de 2010

Participantes: 151 (36 da Universidade de Vigo).

Núm. de equipos: 29 (12 por equipos e 17 individuais). A Universidade de Vigo participou con tres equipos.

	1º	2º	3º	
CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DEPORTES COLECTIVOS	BALONCESTO MASCULINO	USC	UVI	UDC
	BALONCESTO FEMININO	USC	UVI	UDC
	BALONMÁN MASCULINO	UVI	USC	UDC
	BALONMÁN FEMININO	UVI	USC	UDC
	FÚTBOL MASCULINO	USC	UDC	UVI
	FÚTBOL 7 FEMININO	USC	USC	UVI
	FÚTBOL SALA MASCULINO	UDC	UVI	USC
	FÚTBOL SALA FEMININO	USC	UDC	UVI
	RUGBY MASCULINO	USC	UDC	UVI
	VOLEIBOL MASCULINO	UVI	UDC	USC
	VOLEIBOL FEMININO	UDC	USC	UVI



	1º	
PDI/PAS	BALONCESTO MASCULINO	USC
	FÚTBOL 7 MASCULINO	USC
	TENIS	UDC
	XADREZ	USC

Circuíto Galego Universitario de Atletismo en Ruta

Carreira do Ombreiro no Campus de Lugo Lugo, 30 de maio de 2010

Os 10 km Universitarios de Lugo foi unha proba aberta a todos os corredores.

A Universidade de Vigo participou con 12 integrantes, 10 do equipo de atletismo. A xeral da carreira gañouna Iván Docampo González (Club Ourense Academia Postal), seguido de Juan Pena Holguin (Coruña Cimans) e Rubén Castro Portela (Ourense Academia Postal).

Os primeiros universitarios en clasificarse foron Roi Méndez Rial e Diego José Pío Vaquero (Universidade de Vigo) que remataron, respectivamente, na 7.ª e 9.ª praza, entre un total de 134 participantes.

Na categoría feminina Iria Fernández Fontela (Universidade de Vigo) resultou gañadora da carreira.

Os tempos dos corredores da nosa universidade foron moi positivos. Así, Roi Méndez, Diego J. Pío e Félix Quintero remataron 1.º, 2.º e 3.º, respectivamente, na categoría de PDI-PAS.

A primeira muller PDI-PAS foi Marta Cabeza (Universidade de Vigo).


Participantes: 12.

10 km Cidade Universitaria 2010 Vigo, 21 de marzo de 2010

Celebrouse a cuarta edición da proba de atletismo en ruta organizada pola Universidade de Vigo. A participación incrementouse de xeito significativo con respecto ás edicións anteriores.

Inscripcións: 675.

Participantes: 600 (84 membros da comunidade universitaria).



ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN



CAMPIONATOS DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL

Xogos Galaico-Durienses Santiago de Compostela, do 24 ao 26 de novembro de 2009

Participaron as seis universidades que compoñen o grupo galaico - duriense.

Desenvolvéronse oito modalidades deportivas: baloncesto mixto, balonmán mixto, tenis de mesa, voleibol mixto, duatlón, tiro con arco, xadrez e xogos tradicionais.

A Universidade de Vigo logrou a primeira posición en tenis de mesa, foi segunda en voleibol mixto e terceira en xadrez e tiro con arco.

Participantes: 300 (50 da Universidade de Vigo).

I Trofeo Interuniversitario Eurorrexional de Barcos Dragón Tui, 22 de maio de 2010

A competición de remo estivo coordinada pola Fundación CEER e contou coa participación das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, Tras-os-Montes e Alto Douro, Minho e Porto.

A competición desenvolveuse no río Miño en dúas fases, eliminatoria e final. Na quenda eliminatoria houbo dúas probas entre tres universidades. Á final chagaron as universidades Minho, Santiago de Compostela e Vigo.

O acto contou coa presenza dos reitores das universidades de Santiago de Compostela e Minho. Destacou a presenza de representantes da Xunta de Galicia e do alcalde de Tui, Antonio Fernández Rocha, quen exerceu de anfitrión.

Participantes por embarcación: 12 (10 remeiras/os, 1 patrón e 1 tamborileiro).

XOGOS GALAICO-DURIENSES

1.º	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO	39 PUNTOS
2.º	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	37 PUNTOS
3.º	UNIVERSIDADE DE VIGO	30 PUNTOS
4.º	UNIVERSIDADE DO PORTO	28 PUNTOS
5.º	UNIVERSIDADE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO	18 PUNTOS
6.º	UNIVERSIDADE DO MINHO	15 PUNTOS

BARCOS DRAGÓN

1.º	UNIVERSIDADE DO MINHO
2.º	UNIVERSIDADE DE VIGO
3.º	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
4.º	UNIVERSIDADE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO
5.º	UNIVERSIDADE DA CORUÑA
6.º	UNIVERSIDADE DO PORTO

ACTIVIDADES DE COMPETICIÓN



CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Disputados desde finais do mes de marzo ata finais de maio en 10 universidades españolas: Albacete, Alacant, Cádiz (San Fernando), León, Málaga (Antequera), San Sebastián, Valladolid, Teruel, Almería e a UNED (Madrid).

UCLM (Albacete), 28 de marzo

Campionato de España Universitario Campo a Través

4.º posto da clasificación individual por equipos.

UNED (Madrid), 16 e 17 de abril

Campionato de España Universitario de Judo

3.º posto na categoría masculina -100kg para Carlos Álvarez / 5.º posto na feminina -57 kg para Elda García-Miramontes Vázquez.

Valladolid, 20 e 21 de abril

Campionato de España Universitario de Bádminton

Bronce na categoría dobres masculina para a parella composta por Pablo Carollo e Pablo Méndez, e bronce en individual para Pablo Méndez na correspondente categoría.

	MULLERES	MULLERES MEDALLAS	HOMES	HOMES MEDALLAS	TOTAL MEDALLAS
ATLETISMO	6	2P, 1B	7	2P, 1B	4P,2B
BÁDMINTON	0	0	2	1B-1DB	2B*
C. A TRAVÉS	3	0	4	0	0
TRÍATLON	2	0	3	0	0
XADREZ	0	0	5	1P	1P
ESGRIMA	0	0	1	0	0
GOLF	0	0	1	0	0
JUDO	1	0	4	1B	1B
NATACIÓN	2	0	4	0	0
ORIENTACIÓN	1	0	2	0	0
TAEKWONDO	6	4P, 1B	5	2P, 1B	6P,2B
KARATE	1	0	3	0	0
TENIS	1	0	3	1B	1B
TENIS DE MESA	1	0	2	0	0
VOLEI-PRAIA	0	0	2	0	0
I. VOLEI MASC.	0	0	11	0	0
I. BALONM. FEM.	14	0	0	0	0
TOTAL	38	8 (6P,2B)	60	11 (5P,6B)	19

**Campionato de España
Universitario de Esgrima**

Posición 14 de 25 na modalidade sable masculino para Juan Pablo Méndez.

**Campionato de España
Universitario de Tenis de Mesa**

Victoria Cadilla chegou a cuartos de final na categoría individual feminina (resultado que a sitúa entre as oito primeiras clasificadas).

**Valladolid, do 20 ao 22 de abril
Campionato de España
Universitario de Tenis**

Bronce para Rodrigo Figueroa na individual masculina e pase a cuartos de final na categoría dobres mixto para o dúo formado por Marta Saburido Rial e Víctor García Domínguez e na categoría dobres masculinos para Alberto Rodríguez González e Víctor García Domínguez.

**Málaga (Antequera), do 26 ao 29 de abril
Campionato de España
Universitario de Golf**

Manuel Casal Barge rematou no posto 53 (de 72).

**León, do 3 ao 5 de maio
Campionato de España
Universitario de Xadrez**

Manuel Pena acadou a medalla de prata (entre os 168 xogadores). Na clasificación por universidades, a Universidade de Vigo rematou en quinta posición (de 47).

**País Vasco (San Sebastián),
do 3 ao 5 de maio
Campionato de España
Universitario de Natación**

A Universidade de Vigo rematou na posición 17 de 37 na clasificación por universidades. Na categoría masculina acadouse o posto 21 de 44 e na feminina o 29 de 45.

**Alacant, do 5 ao 7 de maio
Campionato de España
Universitario de Volei-Praia**

7.ª posición para a Universidade de Vigo na clasificación masculina.

**Alacant, 7 de maio
Campionato de España
Universitario de Tríatlon**

Na categoría feminina Estefanía Domínguez Calvo logrou o 5.º posto (de 62). Na clasificación masculina o posto máis destacado foi o 51 (de 128) para Diego J. Pío Vaquero. Nos resultados por universidades, Vigo rematou en posición 14 de 17.

**Cádiz (San Fernando), 8 e 9 de maio
Campionato de España
Universitario de Atletismo**

7.º posto (de 51) na clasificación por universidades ao acadar un total de 57,5 puntos. José Alfonso Palomanes, Lucía Pérez, Eva M.ª Iglesias, Víctor Gallego e Solange Andreia Pereira conseguiron 6 medallas para a Universidade de Vigo: 4 pratas e 2 bronce.

**Zaragoza (Teruel), 13 e 14 de maio
Campionato de España
Universitario de Orientación**

A Universidade de Vigo rematou por riba da metade de táboa na clasificación xeral por universidades. Logrou o posto 14 (de 32). A nivel individual, Alicia Pérez rematou en posición 13 de 37 na modalidade de sprint e Adrián Pérez no 22 de 53 en distancia longa.

**Almería, do 14 ao 16 de maio
Campionato de España
Universitario de Karate**

Competiron 4 persoas da Universidade de Vigo (3 homes e 1 muller), sen poder acadar a vitoria en ningún dos combates disputados.

**Almería, do 21 ao 23 de maio
Campionato de España
Universitario de Taekwondo**

Medalla de prata para a Universidade de Vigo. Ileana Rodríguez, Míriam Docampo, Rebeca Mariño, Sara Baños, David Vidal e Fernando Rascado obtiveron medalla de prata, mentres que Lara Ouviaña e Bruno García se fixeron co bronce.

COMPETICIÓN EUROPEAS E MUNDIAIS

**I Campionato Europeo
Universitario de Taekwondo
Braga, do 10 ao 12 de decembro de 2009**

O campionato foi organizado pola Universidade do Minho e a Asociación Europea de Deporte Universitario (EUSA). Participaron 6 países (Portugal, Slovakia, Rusia, Alemaña, Holanda e España) e en total, competiron 31 universidades europeas, 9 delas españolas.

Pola Universidade de Vigo participaron 15 deportistas (7 homes e 8 mulleres), que acadaron 12 medallas (2 ouro, 7 pratas e 3 bronce).

Todas as taekwondistas da Universidade de Vigo obtiveron medalla. Destacaron Lara Ouviaña, que logrou o ouro na categoría peso lixeiro (-62 quilos), Rebeca Mariño, que acadou unha prata na categoría galo (-53 quilos) e Cristina Fernández en minimosca que resultou prata.

En canto aos homes, Pablo Casares na categoría máis pesada (+87 quilos) obtivo o ouro, Darío Pérez (-80 quilos) e David Vidal (-68 quilos) fixéronse coa prata e Bruno García (-63 quilos) coa medalla de bronce.

**X Campionato Mundial
Universitario de Tríatlon
Valencia, 29 e 30 de maio de 2010**

Na praia de Las Arenas déronse cita os mellores triatletas universitarios a nivel mundial. Participaron 142 deportistas, procedentes das seleccións nacionais de 37 países dos cinco continentes.

O equipo español estivo configurado por 12 triatletas (6 homes e 6 mulleres). Na categoría feminina a viguesa Estefanía Domínguez Calvo clasificouse en 7.ª posición.


A distancia total da proba foi de 65 quilómetros: 15 Km. de natación, 40 Km. en bicicleta e 10 de carreira a pé.

**11.º Campionato Mundial
Universitario de Taekwondo
Vigo, do 29 de xuño ao 4 de xullo de 2010**

Participantes: preto de 400 (2 da Universidade de Vigo: Rebeca Mariño e Fernando Rascado).

Fernando Rascado acadou a medalla de bronce na súa categoría.

O combinado nacional fíxose coa segunda posición da clasificación masculina por equipos (por detrás de Corea) e coa terceira da feminina (tras Corea e China Taipei).



CURSO DE INTRODUCCIÓN AO VOLUNTARIADO DEPORTIVO

Pontevedra, 26 e 27 de outubro de 2010

Como parte do programa das III Xornadas de Comunicación e Deporte realizadas na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, baixo o título «A organización de actos deportivos», o Servizo de Deportes presentou un curso de tres horas de duración.

O curso, impartido por Javier Rial e Alejandro Alonso, tratou de introducir os asistentes no marco normativo xeral do voluntariado nas distintas modalidades do ámbito deportivo, así como facer fincapé nas habilidades e competencias das persoas voluntarias.



As nocións teóricas do obradoiro impartíronse na aula do edificio do Servizo de Deportes por un técnico da empresa Algalia e as prácticas consistiron na participación en actos organizados pola Universidade de Vigo: carreira en ruta 10 Km Cidade Universitaria, Campionato Mundial Universitario de Taekwondo ou Fórum FISU.

A duración total do curso foi de 30 horas e permitiu a validación de 2 créditos de libre configuración ou 1 ECTS.

OBRADOIRO DE VOLUNTARIADO, DEPORTE E ACTÓS DEPORTIVOS

Vigo, marzo de 2010

Por iniciativa da Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes e coa colaboración da Área de Cultura realizouse por primeira vez un obradoiro teórico-práctico de voluntariado deportivo. O contido deste estivo estruturado en tres partes, dúas teóricas (a primeira sobre a conceptualización e o marco ético e legal do voluntariado e a segunda sobre planificación, perfís e tarefas do voluntario deportivo) e unha parte final de carácter práctico.

III CONGRESO INTERNACIONAL CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA

Pontevedra, do 6 ao 8 de maio de 2010

O Servizo de Deportes participou activamente neste congreso organizado na Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte a través da presentación de dous pósters cos seguintes títulos:

- Ponte en Forma: un programa de exercicio físico personalizado no ámbito universitario.
- Análise da calidade percibida polos usuarios do Servizo de Deportes da Universidade de Vigo.

CAMPUS DE OURENSE

Baloncesto

A sección de baloncesto do Campus está formada por un equipo masculino, un feminino e un júnior. Compóñena en total de 40 xogadores (26 homes e 14 mulleres).

Equipo masculino

Clasificouse no 2.º lugar da Liga FGB sénior, resultado que lle deu o pase para xogar a fase de ascenso, malia que non puido acadar o obxectivo de aumentar de categoría.

Equipo feminino

Participou na Liga Interzonal da FGB, en que acadou o segundo posto e ascendeu á Liga FGB sénior.

Equipo júnior

Conseguiu facerse co título de campión provincial, o que lle deu acceso a xogar na Liga Galega Júnior, na que acadou o 10.º posto.

Tenis

O Club de Tenis Dereito-Empresariais incrementou considerablemente o número de licenzas con respecto ao curso anterior ao pasar de 27 a 39 (31 homes e 8 mulleres). Destaca a incorporación de 6 novas licenzas femininas, o que permitiu por primeira vez a formación dun equipo na categoría.

A sección federada estivo integrada por 4 equipos: absoluto (masculino e feminino), infantil masculino e veteranos +35 masculino.

En canto á categoría das licenzas, 2 foron alevíns, 7 infantís, 5 cadetes, 5 júnior e 20 sénior.

Equipo absoluto feminino

Participou na segunda división galega, conseguindo a vitoria en todos os encontros disputados e superando



a equipos tan recoñecidos como o Náutico de Vigo e o Mercantil de Vigo. Acadou o título de campión e ascendeu á primeira división galega de tenis formada por só 8 equipos.

Equipo absoluto masculino

Formáronse 2 equipos. O primeiro deles participou na cuarta categoría da nova estrutura competitiva da Federación Galega de Tenis, e clasificouse un ano máis no 1.º posto do seu grupo, despois de gañar todos os partidos. Tras estas vitorias xogaron sen éxito polo ascenso.

O segundo equipo masculino participou na sétima categoría e gañou todos os seus partidos, co que acadou o ascenso á sexta categoría.

Equipo infantil masculino

Participación na segunda división do Campionato Galego.

Equipo veteranos masculino

Participou na segunda categoría galega e realizou unha boa competición ao conquistar o primeiro posto no seu grupo. Perdeu no partido pola disputa do ascenso á primeira categoría diante do Cluteca de Cangas, e obtivo o posto de subcampión de segunda categoría da zona sur.

Xadrez

O Campus de Ourense conta con dous equipos: o Universitario Ourense A e o Universitario Ourense B. O primeiro equipo participou na primeira división galega e o segundo na terceira, e acadaron o sexto e sétimo posto das súas respectivas categorías.

O equipo Campus Ourense A participou na Copa Galicia por equipos, en que se proclamou campión e acadou o sexto posto na fase final galega.

Compuñan estes equipos un total de 19 persoas (15 homes e 4 mulleres).

CAMPUS DE VIGO

Rugby

O Vigo Rugby Club contou con 9 adestradores e 5 equipos (142 xogadoras/es). Soamente o equipo sénior (equipo A) competiu na liga nacional, mentres que catro equipos o fixeron na liga territorial, en diferentes categorías: sénior (equipo B), feminino, xuvenil e cadetes.

Equipo superior A

Acadou o 5.º posto da Liga Nacional na categoría de honra B Campión da Copa Xunta de Galicia

Número de xogadores: 25

Equipo superior B

4.º posto da liga territorial galega

Número de xogadores: 35

Equipo superior feminino

3.º posto na liga territorial galega

Subcampión na Copa Xunta de Galicia

Número de xogadoras: 25

Equipo xuvenil

4.º clasificado da liga territorial galega

Número de xogadores: 26

Equipo cadetes

3.º posto da liga territorial galega

Número de xogadores: 31

Ademais da formación de equipos e participación en competicións, a sección federada de rugby preparou varias actividades encamiñadas á promoción deste deporte entre as novas xeracións, como as escolas de verán ou o programa Rugby Cole.

As escolas realizáronse durante a tempada estival coa colaboración dalgúns xogadores e xogadoras do club nas instalacións do Campus de Vigo (incluída como actividade para o Campus Camp, que cada ano se realiza para os fillos dos membros da comunidade universitaria), no Porriño e no Colexio Seis do Nadal. Participaron en total máis de 500 nenos.

Grazas ao programa Rugby Cole visitáronse e impartíronse clases, entre os meses de setembro, outubro e novembro en diversos centros educativos da cidade de Vigo. Nesta actividade participaron en total máis de 2.000 nenos.



Xadrez

O Universidade de Vigo de Xadrez sumou un total de 47 licenzas federativas: 36 categoría masculina absoluta, 4 categoría feminina absoluta, 6 categoría masculina sub18 e 1 categoría masculina sub16.

Equipo de división de honra

Subcampión da liga galega de clubs (campión da fase regular)

Campión da I Copa Galicia de Xadrez

Participación no Campionato de España de Primeira División (Sevilla, do 9 ao 15 de agosto)

Equipo de primeira división galega

Campión de liga

Resultados individuais

Samuel Villar, campión galego sub18

Samuel Villar, subcampión galego sub16

Rafael Rodríguez, terceiro no campionato galego absoluto

Manuel Pena e Samuel Villar representaron a Galicia no Campionato de España por Autonomías (5.º clasificada)

Tenis

A sección federada de tenis contou con 31 deportistas (20 homes e 11 mulleres) en tres equipos:

Equipo masculino A

5.º clasificado na 2.ª categoría da liga galega

Equipo masculino B

13.º clasificado na 5.ª categoría da liga galega

Equipo feminino

3.º clasificado na 1.ª categoría da liga galega.

Subcampionato da categoría C do Campionato de España por Equipos 2009. Ascenso á categoría B para o Campionato Nacional de 2010.

Triatlón

O equipo estivo integrado por 26 triatletas (23 homes e 3 mulleres). Participou na modalidade de duatlón, nas seguintes probas: Circuito Galego de Duatlón de Montaña ou Cross, Circuito Galego de Duatlón de Estrada, Campionato Galego de Duatlón de Estrada (Castroverde, 9 de maio) e Campionato de España de Duatlón (Xixón, 10 de abril).

Na modalidade de triatlón participou no Circuito Galego de Triatlón de Estrada e na proba clasificatoria para o Campionato de España (Madrid, 5 de xuño).

Clasificación final do Circuito Galego de Duatlón Cross (10 participacions totais)

Lorena García Lago: 5.ª clasificada absoluta

Miguel Ángel Carmona Araujo: 15.º clasificado absoluto

André Luiz Gomes De Maçedo: 24.º clasificado absoluto

O equipo masculino acadou o 6.º posto da clasificación xeral final

Campionato Galego de Duatlón de Estrada

Blanca Labandeira Fernández: 8.ª clasificada absoluta

Lorena García Lago: 9.ª clasificada absoluta

Jose Luis Louzao Tato: 4.º clasificado veterano 1

Campionato de España de Duatlón

Grupos idade masculinos 35-39: Diego José Pío Vaquero (12.º)

Grupos idade masculinos 40-44: Jose Luis Touzao Tato (7.º)

Triatlón de Estrada de Nigrán

Blanca Labandeira Fernández: 1.ª clasificada absoluta

Lorena García Lago: 3.ª clasificada absoluta

O equipo feminino acadou o 2.º posto da clasificación xeral final

Triatlón de Estrada de Vilagarcía

Sandra Santodomingo Fabián: 2.ª clasificada veterana 1

Jose Luis Louzao Tato: 7.º clasificado veterano 1

Carreiras de orientación

A sección federada de orientación participou ao longo do curso nas probas incluídas na décima liga galega e lograron os seguintes resultados relevantes na clasificación xeral:

Damas - elite

3.º Carla Veiga García

4.º Alicia Pérez Alonso

5.º Isabel Pastoriza Santos

Damas - 21

11.º Danielle Mastrogiovanni

Damas - 35

3.º Ana Iglesias Junzalvos

Damas - 45

6.º Gema Antequera García

Homes - elite

5.º José M. Álvarez Cabero

Homes - 21

3.º Adrián Pérez Alonso

Homes - 21B

5.º Ricardo Figueroa Fernández

8.º Jorge Pérez Juste

Homes - 35

1.º José Luis Armada Luaces

Homes - 45

4.º David Pinal Otero

6.º Carles Abad Vives

Na clasificación final por equipos a Universidade de Vigo acadou o 4.º posto entre 12 equipos participantes.





Charlas e prácticas de orientación en centros escolares

Durante este curso a sección federada colaborou coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, dentro do programa XOGADE, para realizar charlas e prácticas de orientación en diversos centros escolares de toda Galicia.


A sección tamén levou a cabo a coordinación dos campionatos provinciais e autonómicos de orientación escolar.

Equipo de atletismo

A Universidade de Vigo contou por primeira vez cun equipo de atletismo para participar en carreiras populares. Estivo composto por un grupo de 22 corredores non federados (17 homes e 5 mulleres).

Os adestramentos realizáronse durante tres sesións semanais no pavillón do Campus de Vigo e no parque de Castrelos, en presenza do adestrador. Opcionalmente organizáronse sesións de carreira continua durante as fins de semana.

Desde a súa constitución, no mes de xaneiro, o equipo participou en 10 probas populares.



ORGANIZADOS POLO SERVIZO DE DEPORTES

Torneo Zonal de Xadrez Ourense Ourense, novembro de 2009

O Campionato disputouse na ludoteca do Campus de Ourense todos os sábados do mes de novembro na modalidade de 15+3 e contou cun total de 40 participantes.

XIX Gala do Deporte Ourense, 21 de maio de 2010

A gala do deporte é a gran festa do deporte da Universidade de Vigo. Celébrase anualmente e nela realízase un acto de recoñecemento aos seus máis insignes deportistas.

Dunha parte, recoñécese o labor dos deportistas que acadaron os resultados máis relevantes en representación da Universidade de Vigo e das persoas e entidades que contribuíron especialmente no

fomento da práctica da actividade físico-deportiva. Entre estas, fíxose unha mención especial a José Luis Armada, Luis Pérez e á Asociación Down Ourense. Tamén, entre as persoas egresadas da Universidade de Vigo, a Miguel Martínez e, entre o persoal, ao profesor Joaquín Dosil.

Ademais, fáiselles entrega dos Premios á Excelencia Deportiva aos universitarios que foron quen de compatibilizar con éxito a traxectoria académica coa deportiva.

O acto tivo lugar este ano na aula magna do Edificio Politécnico do Campus de Ourense e foi todo un éxito no relativo á participación, ao contar con máis de 300 espectadores.

A gala ten tamén un compoñente lúdico. Os presentadores foron a actriz Déborah Vukusic e o popular actor e reporteiro ourensán Sergio Pazos. Os asistentes puideron gozar tamén dos espectáculos de maxia do Mago Teto e do grupo Perkuka.

VII Maratón Solidario de Aeróbic e Pilates Pontevedra, 16 de decembro de 2009

A VI Edición do Maratón Solidario de Aeróbic e Pilates desenvolveuse no pavillón polideportivo do Campus de Pontevedra co obxectivo de facer deporte por unha boa causa. Organizada polo Servizo de Deportes e a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, a actividade estivo aberta ao público en xeral. Os participantes só tiveron que traer un quilo dun alimento non perecedeiro, destinado ao comedor dos Padres Franciscanos de Pontevedra.

Nas máis de dúas horas de exercicio, participaron tres monitoras e preto de 150 persoas.

VIII Trofeo Universidade de Vigo de Orientación Vigo, 28 de novembro de 2009

Organizado na Serra do Galiñeiro en colaboración coa Asociación Galega de Clubs de Orientación e o Club Deportivo Lupalu.

Participaron 221 persoas (148 homes e 73 mulleres), dos que 40 eran membros da comunidade universitaria sen licenza federativa.

Ademais, dentro da campaña de promoción que leva a cabo a Universidade de Vigo, un número próximo aos 70 nenos e nenas puideron participar nunha proba de orientación paralela á oficial.

Clasificación

A Universidade de Vigo liderou a clasificación na categoría de iniciación longa (a que conta cun maior número de participantes), en D-35 (damas elite 35, categoría de veteranas en que participan mulleres de máis de 35 anos) e en H-21B (integrada por homes de entre 20 e 21 anos).

Nas categorías absolutas, o mellor resultado foi o de Alicia Pérez Alonso, que quedou en terceira posición, e o de José M. Álvarez Cabero, que se fixo coa quinta posición.



10 Km Cidade Universitaria 2010 Vigo, 21 de marzo de 2010

A cuarta edición desta carreira contou cun total de 675 inscritos, dos cales completaron a proba preto de 600 (entre universitarios, federados e corredores populares).

Na categoría feminina gañou a veterana corredora mosense María Soledad Castro Soliño (Comesaña Sporting Club), cun tempo de 36,44. Na masculina, fíxose coa vitoria o atleta marroquí afincado en Ourense Hassan Lekhili (Club Ourense Atletismo Academia Postal), cunha marca de 31,03.

No transcurso da mañá ofrecéronse actividades complementarias para completar a xornada. Actuacións de animación durante a proba para poder retransmitila de forma amena e varias actividades de ocio para nenos foron algunhas das propostas coas que se atoparon os asistentes.

IX Trofeo Universidade de Vigo de Orientación Vigo (Serra do Galiñeiro), 8 de maio de 2010

Nesta proba incluída na XIX Liga Galega de Carreiras de orientación participaron 287 persoas (102 mulleres e 185 homes) entre federados e non federados.

Clasificación

A Universidade de Vigo acadou dous primeiros postos (Yolanda Núñez en damas-21 e Maikel Rodríguez en homes-21) e dous terceiros postos (Isabel Pastoriza en damas-35 e Gema Antequera en damas-45).

10 KM

	CATEGORÍA MASCULINA		CATEGORÍA FEMININA	
1	HASSAN LEKHILI	31'03"	SOLEDAD CASTRO	36'44"
2	ROBERTAS GERALAVICIUS	31'14"	M.ª JESÚS GESTIDO	36'56"
3	JUAN PABLO FERNÁNDEZ	31'18"	MARTA FERNÁNDEZ	38'26"
4	RUBÉN CASTRO	31'21"	YOLANDA GUTIÉRREZ	38'40"
5	AKKA ESSAADAQUI	31'47"	ESTHER PEDROSA	39'15"
6	DANIEL BARGIELA	31'47"	IRIA FERNÁNDEZ	40'38"
7	RAFAEL FUENTES	31'52"	JULIA VAQUERO	41'16"
8	ÓSCAR PIÑEIRO	32'41"	MÓNICA INCERA	41'29"
9	ÁLVARO PRIETO	33'05"	CRISTINA GONZÁLEZ	42'15"
10	RICARDO ÁLVAREZ	33'06"	GUADALUPE LODEIRO	43'13"

COORGANIZADOS CON OUTRAS ENTIDADES

FISU Fórum - Congreso Mundial do Deporte Universitario Vigo, do 21 ao 26 de xuño de 2010

O acto estivo co-organizado polo Concello de Vigo, a través da Fundación Vigo en Deporte (VIDE), e o Servizo de Deportes.

Trátase dun congreso bianual que reúne a todos os sectores do deporte universitario para compartir experiencias e promover melloras nos sistemas deportivos universitarios.

Nesta edición 269 delgados de 74 países de todo o mundo achegáronse a Vigo para participar no acto. No ámbito nacional, asistiron a este ao redor de 25 universidades españolas.

A actividade tivo a súa sede no Centro Social e no Centro Cultural de Caixanova e levou por lema «O deporte universitario, unha plataforma para o cambio». Baixo este título

afondouse en cuestións clave para o avance do deporte universitario. Os aspectos primordiais ao redor dos que se desenvolveu o simposio foron a potenciación das actividades deportivas entre as mulleres, a relación entre deporte e medio ambiente, a planificación estratéxica no ámbito deportivo e o recoñecemento académico da participación en actividades físico-deportivas.

O 23 de xuño o Forum FISU desenvolveu a súa actividade no campus As Lagoas, Marcosende. Así, ao longo da mañá leváronse a cabo seminarios, talleres, conferencias e debates nas instalacións da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais cos que se desenvolveu o bloque temático de Muller e liderado no deporte universitario.

Durante a tarde os asistentes gozaron dun programa de actividades deportivas centrado no bádminon e nos xogos tradicionais galegos e dunha feira con postos informativos dos diversos países participantes. O broche final consistiu nunha grellada ao aire libre ambientada para a celebración da festa de San Xoán.

Campionato Mundial Universitario de Taekwondo Vigo, do 29 de xuño ao 4 de xullo de 2010

A 11.ª edición do campionato celebrouse no pavillón central das Travesas coa participación de delegacións de 48 países, o que supuxo a concentración de máis de 400 deportistas, ademais de acompañantes, adestradores, árbitros e delegacións oficiais de cada país participante. Preto de 600 persoas participaron no evento.



SEDES DOUTRAS ACTIVIDADES E ACTOS

Programa Móvete pola Saúde Ourense, 31 de outubro de 2009

Organizado polas concellerías de Participación Cidadá e de Deportes.

O Campus de Ourense proporcionou as instalacións necesarias para que preto de 800 persoas maiores, dos barrios máis próximos, puideran practicar deporte na sala de cardio-*fitness* do pavillón universitario guiados por un monitor especializado.

Campionato Galego de Judo Ourense, 15 de novembro de 2009

Desenvolveuse no pavillón universitario do Campus de Ourense en colaboración coa Federación Galega de Judo.

Encontro de baloncesto contra a diabete Ourense, 29 de novembro de 2009

O equipo Campus Ourense xogou un partido amigable contra profesorado do campus en prol da loita contra a diabete.

Colaboración na segunda liga de fútbol chapas Ourense, 29 de novembro de 2009

Colaborouse na realización das xornadas da Liga mediante a difusión publicitaria e a cesión das instalacións deportivas do Campus de Ourense.

Challenge Ourense con outra mirada Ourense, do 19 ao 21 de marzo de 2010

Colaboración co Club Ciclista Ourense, mediante a cesión de instalacións do campus, para celebrar a primeira proba ciclista por etapas disputada en Galicia, a Challenge Ourense con outra mirada, na que participaron máis de 200 corredores.

Partido Solidario 1€ por Haití Ourense, 13 de maio de 2010

O campus amosou unha vez máis a súa solidariedade cos menos favorecidos e sumouse ao proxecto 1 € por Haití de UNICEF para recadar fondos.

Para colaborar neste proxecto, o campus organizou un partido solidario de fútbol sala entre profesorado e alumnado, que se desenvolveu no pavillón universitario.

1.º Torneo de Golf Pitch & Putt da Universidade de Vigo Ourense, 5 de xuño de 2010

Disputouse nas instalacións do campo de golf Pazo da Touza baixo a modalidade individual *stableford*.

Houbo premios para os vencedores das catro categorías (absoluto, 1.ª categoría: ata hcj-5, 2.ª categoría: hcj de 6 a 13 e 3.ª categoría: desde hcj-14) e para o vencedor hándicap dentro da comunidade universitaria.

VII Trimaratón Pontevedra, 4 e 5 de maio de 2010

O pavillón universitario do Campus de Pontevedra acolleu a 7.ª edición do trimaratón, organizado polo Club de Ciencias de la Actividad Física y Deporte (CAFyD) xunto co Servizo de Deportes.

Disputáronse tres modalidades deportivas mixtas: fútbol sala, balonmán e baloncesto. En total participaron preto de 200 membros da comunidade universitaria.

Oposicións Policía Vigo, febreiro – xuño de 2010

Colaborouse na realización das probas de oposición aos corpos de seguridade, mediante a cesión de instalacións no campus As Lagoas, Marcosende.

Corpo Nacional de Policía: 2 de febreiro de 2010

Policía Local - Concello de Mos: 3 de maio de 2010

Policía Local - Concello de Gondomar: 2 de xuño de 2010

VIII Copa Coca-Cola Vigo, 1 e 2 de maio de 2010

Como nas sete edicións anteriores, o Campus de Vigo foi sede desta competición para o sur de Galicia. Participaron 50 equipos integrados por preto de 750 mozos.

Campus Camp Ourense, xuño e xullo de 2010 Vigo, do 21 de xuño ao 31 de xullo e do 1 ao 10 de setembro de 2010

Participantes: preto de 200 nenos.

III Campus Dobre F Sport Vigo, do 26 ao 30 de xullo de 2010

Campus de fútbol e fútbol sala organizado pola Peña Barca Tui e por Escolas Deportivas VIGO2015. As idades dos participantes foron dos 6 aos 14 anos.

Iniciación á petanca Vigo, 4 e 6 de outubro de 2009

Participantes: 20.

Xornadas Escolares de Iniciación ao Rugby Vigo, de xaneiro a maio de 2010

Organizados polo Instituto da Guía (Ciclo Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas).

Participantes: 300 nenos.

Concentración escolar de *kin-ball* e *balonkorf* Vigo, 19 e 20 de maio de 2010

Actividade desenvolvida no pavillón universitario do Campus polo Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia para alumnado de ensino primario.

Participantes: 300 nenos.

Xornada de demostración de deportes alternativos Vigo, 27 de maio de 2010

Actividade desenvolvida no pavillón universitario do Campus polo Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia.

Participantes: 150 nenos.

Curso de control de emocións aflitivas, estrés e ansiedade Vigo, de abril a xuño de 2010

Curso organizado polo Servizo de PAS da Universidade de Vigo, realizado na sala de ioga e na aula de seminarios do edificio do Servizo de Deportes do Campus.

Xornadas Xogando co Atletismo Vigo, 11 de decembro de 2009

Actividade desenvolvida no pavillón universitario do campus polo Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia, en colaboración coa Federación Galega de Atletismo.

Participantes: 150 nenos.



PARTICIPACIÓN EN REDES

REDE ESPAÑOLA DE UNIVERSIDADES SAUDABLES (REUS)

A Universidade de Vigo continuou participando na Rede Española de Universidades Saudables (REUS). Esta é unha iniciativa que persegue o obxectivo de fomentar a saúde no contorno universitario nacional e que conta co impulso do Ministerio de Sanidade e Consumo e da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE). As 21 universidades e as 6 consellerías autonómicas de saúde que a conforman reuníronse o 6 de outubro de 2009 en Pamplona para intercambiar experiencias e compartir os últimos avances, como poden ser a inclusión de criterios específicos deste ámbito na valoración dos proxectos dos campus de excelencia internacional ou a transformación en comisión sectorial da CRUE do grupo de traballo para a calidade ambiental, o desenvolvemento sostible e a prevención de riscos. Cada vez máis corrobórase a importancia que estas cuestións están a alcanzar no ámbito das universidades españolas.

REDE EUROPEA DE SERVIZOS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS (ENAS)

O Servizo de Deportes fortaleceu as súas relacións con outras organizacións europeas de ensino superior e a súa proxección internacional a través da participación na 12.ª conferencia anual da ENAS (European Network of Academic Services), celebrada en Tel Aviv (Israel) do 4 ao 8 de novembro. Este encontro ten un importante valor como foro de discusión e de intercambio de experiencias, útil para coñecer o que se está a facer nos servizos deportivos universitarios do resto de Europa.



CALIDADE

Avaliación da satisfacción dos usuarios

Ao remate de cada curso académico o Servizo de Deportes realiza unha sondaxe entre unha mostra de usuarios dos principais programas de actividade. No curso 2009/2010 a mostra estivo composta por máis de 400 usuarios, representativos dos tres campus que compoñen a Universidade de Vigo e dos tres tipos de membros da comunidade universitaria: alumnado, PDI e PAS.

Dende 2005 realízase este estudo anual, mediante un cuestionario estruturado en que se recolle información sobre o funcionamento do Servizo coa finalidade de identificar posibles melloras e novas propostas de actividades e servizos.

Grazas ao estudo de calidade realizado no curso 2008/2009 producíronse diversos cambios durante o ano académico 2009/2010, como a incorporación de novas andainas dentro do Programa Rutas Culturais, a creación do suplemento dúo ou a mellora de diversos aspectos relacionados co mantemento das instalacións e a ampliación dos horarios da sala de cardio-fitness do Campus de Pontevedra.

RECOÑECEMENTOS INTERNOS A DEPORTISTAS

Recepción por parte do reitor aos mellores deportistas universitarios na tempada 2009-2010 Vigo, outubro de 2009

O reitor Alberto Gago recibiu os deportistas de elite da Universidade de Vigo que, ademais de estudantes, son campións nas súas especialidades deportivas no ámbito internacional. Fíxolles entrega dun agasallo conmemorativo, así como da medalla coa que se distinguen as mellores teses de doutoramento.

Foron recoñecidos como alumnado con mellor traxectoria deportiva durante o curso 2008/2009: Lorena Luaces, atleta; Bruno García e Rebeca Mariño, taekwondistas; Teresa Portela e David Mascato, piragüistas; e Javier Gómez Noia, triatleta.

Premios á Excelencia Deportiva Ourense, 21 de maio de 2010

Na XIX edición da gala do deporte a Universidade de Vigo fíxolle entrega dos Premios á Excelencia Deportiva 2010 á piragüista María Teresa Portela Rivas e ao triatleta Óscar Vicente Rodríguez, que recibiron cadanseu ordenador portátil. Con este galardón preténdese realizar un recoñecemento público ao alumnado da Universidade de Vigo que mellor combine a traxectoria deportiva coa académica.

Xunto con Teresa Portela e Óscar Vicente, chegaron á final outros catro deportistas de alto nivel: os taekwondistas Nerea Alamancos Lamas e Fernando Rascado Ríos, a atleta Solange Andreia Pereira da Ponte e o xogador de voleibol Diego Mahía Cernadas.



MENCIÓN HONORÍFICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TAEKWONDO

Vigo, 27 de febreiro de 2010

Na gala anual de entrega dos Premios Autonómicos Taekwondo 2009 celebrada no Centro Social Caixanova, a Federación Galega de Taekwondo outorgoulle unha mención especial ao Servizo de Deportes polo seu labor como promotor da práctica deportiva e os hábitos de vida saudables entre a comunidade universitaria en particular e entre a sociedade en xeral.

TARXETA DEPORTIVA UNIVERSITARIA

Durante o curso 2009-2010 un total de 527 persoas pertencentes á comunidade universitaria (84,2 % homes e 15,8 % mulleres) adquiriron a tarxeta deportiva universitaria. Este carné permite ter acceso libre ás instalacións deportivas da Universidade, obter prezos especiais nas actividades organizadas polo Servizo de Deportes ou descontos nos servizos ofrecidos polas entidades colaboradoras (ximnasios, tendas de material deportivo, clínicas de fisioterapia etc.).

SUPLEMENTO DÚO

No mes de abril do 2010, o Servizo de Deportes puxo en marcha unha nova iniciativa chamada Suplemento DÚO. A través do pago dun suplemento, dábaselle a opción aos usuarios con Tarxeta Deportiva Básica ou Tarxeta do programa Ponte en Forma de acudir a centros deportivos alleos nas mesmas condicións que nos propios da Universidade. En concreto, asináronse acordos para facilitar esta opción co ximnasio Kiap e co Complexo Deportivo Universitario.

A finalidade deste proxecto é o aumento da flexibilidade na práctica, tanto nas instalacións como en horarios e actividades ofertadas. Esta alternativa serve para darlle máis variedade ao programa de exercicio na sala cardio - fitness (complementándoo con natación, step, pilates, aquagym, spinning, danza moderna e moitas opcións máis).

PROGRAMA PONTE EN FORMA

Un total de 264 persoas (55,3 % homes e 44,7 % mulleres) gozaron durante o curso das vantaxes e servizos da tarxeta Ponte en Forma, entre os que destacan o acceso aos programas personalizados de exercicio físico e o control médico-deportivo da práctica de actividade física, así como todas as vantaxes xa incluídas na tarxeta deportiva universitaria.

BOLSAS PARA O ALUMNADO COLABORADOR

Anualmente convócanse diversas bolsas para que o alumnado poida converterse en colaborador do Servizo de Deportes. Este curso a distribución nas modalidades incluíu un total de 87 bolseiros.

Bolsas de colaboradores deportivos de centro (20 bolsas)

Campus de Ourense: 6

Campus de Pontevedra: 5

Campus de Vigo: 9 (incluída unha de tenis de mesa)

Estes bolseiros colaboran no desenvolvemento e organización das actividades e competicións programadas, así como na difusión destas e a recollida de datos para as enquisas de avaliación do Servizo de Deportes.

Bolsas de arbitaxe e coordinación de competicións internas (65 bolsas)

Campus de Ourense: 15

Campus de Pontevedra: 8

Campus de Vigo: 42

Bolsas de colaborador de rutas culturais (2 bolsas)

Campus de Ourense: 2



PROGRAMA DE RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS

Polo valor formativo da participación en actividades deportivas, algunhas das iniciativas propostas dende o Servizo de Deportes contan co correspondente recoñecemento académico:

Créditos por participación en escolas deportivas:

Campus de Vigo: aquagym, ioga, natación semana e fin de semana, tenis e xadrez.

Campus de Pontevedra: aeróbic - power pump, danza oriental, pilates e tenis.

Campus de Ourense: xadrez.

Créditos por participación en cursos:

Campus de Vigo: mergullo do programa Augaventura (open water diver e advanced water diver) e curso de iniciación ao rugby.

Campus de Ourense: participación no programa Rutas Culturais.

Créditos por participación en competicións interuniversitarias:

Estudantes que representan a Universidade de Vigo en fases finais dos campionatos de España universitarios, Xogos Galaico Durienses e no Trofeo Interuniversitario Eurorexional de Barcos Dragón.

Estudantes que participan en campionatos de Europa universitarios, campionatos mundiais universitarios ou universiadas.

Outros

Asistencia ás Xornadas de Comunicación e Deporte, colaboración Carreira 10 km Cidade Universitaria, colaboración Fórum FISU e Campionato Mundial Universitario de Taekwondo e participación no programa Ponte en Forma.

OUTROS

Préstamo de bicicletas

O Servizo de Deportes dispón de bicicletas de montaña a disposición da comunidade universitaria.

O obxectivo primordial desta iniciativa é facilitar o coñecemento do contorno máis próximo ao Campus de Vigo.

O número de usos chegou aos 550, o que supón un incremento significativo con respecto ao curso anterior.

Petanca

Ao redor de 100 persoas fixeron uso da instalación de petanca situada no Campus de Vigo, xunto ao pavillón universitario.

As persoas da comunidade universitaria poden acceder de xeito gratuito á instalación, así como facer uso do material necesario, que se lle empresta durante o desenvolvemento da actividade.

Tenis de mesa

Os tres campus da Universidade de Vigo dispoñen de instalacións de tenis de mesa no interior dos pavillóns deportivos.

Tanto o acceso á instalación como o material necesario para a práctica desta actividade son de uso gratuito para os membros da comunidade universitaria.

O número de usos ao longo do curso foi: en Ourense 3.400, en Pontevedra preto dos 800 e en Vigo achegouse aos 4.000.

XESTIONADAS POLO SERVIZO DE DEPORTES

ESPAZOS DEPORTIVOS

CAMPUS DE OURENSE

Edificio deportivo:

- Pista polideportiva
- Pistas de squash (2)
- Sala de cardio-*fitness*
- Zona de tenis de mesa
- Área de xadrez
- Servizo médico/Ponte en Forma

Zona deportiva exterior:

- Pista polideportiva
- Pista de tenis

CAMPUS PONTEVEDRA

Pavillón universitario:

- Pista polideportiva
- Sala de cardio-*fitness*
- Zona de tenis de mesa

CAMPUS DE VIGO

Pavillón Universitario:

- Pista polideportiva
- Sala de cardio-*fitness*
- Zona de tenis de mesa
- Rocódromo

Zona deportiva exterior:

- Campo de fútbol (céspede artificial)
- Campo de rugby / fútbol (herba natural)
- Circuito de footing
- Pista de atletismo
- Pista de petanca
- Pista polideportiva (con 3 pistas de tenis)
- Pistas de tenis (2)

Edificio técnico-administrativo:

- Sala de xadrez
- Sala de ioga
- Aula de seminarios

USUARIOS

A maior parte do uso das instalacións corresponde á propia comunidade universitaria (82 % no caso da sala de cardio-*fitness*, superior ao 60 % no das pistas polideportivas e as de tenis).

Tamén hai aluguer de instalacións para usuarios externos. Numerosas entidades ocupan os recintos deportivos do campus e realízanse reservas permanentes ao longo de todo o ano, aínda que tamén se fan reservas esporádicas de particulares.

CAMPUS DE OURENSE

Pista polideportiva:

- ABO JUNIOR
- Asociación de Tai Chi
- Club Baloncesto Ourense (COB)
- Consello Municipal dos Deportes (CMD)
- Delegación Ourense de Baloncesto
- Delegación Ourense de Balonmán
- Down Ourense
- Equipo de baloncesto Universitario Campus Ourense
- Federacións Galegas: Baloncesto, Fútbol (Fútbol Sala) e Judo
- Fútbol Sala Vistahermosa
- Gabinete Psicopedagóxico do Campus de Ourense
- Ofiteca
- Usuarios particulares

Pistas de tenis:

- Club Tenis Dereito-Empresariais
- Centro Formación TAFAD

Pistas de squash:

- Club Squash Auriense
- Centro Formación TAFAD

CAMPUS PONTEVEDRA

Pista polideportiva:

- Categorias inferiores do Pontevedra C.F.
- C.B. Arxil
- Centro Galego de Tecnificación Deportiva
- Colexio Vidal Portela
- Concello de Pontevedra
- Escola Hungaresa de Esgrima
- SD Teucro de Balonmán
- Usuarios particulares

Sala de cardio-*fitness*:

- Club de Natación Sincronizada de Pontevedra

CAMPUS DE VIGO

Campo de Rugby:

- IES A Guía de Vigo
- Vigo Rugby Club

Campo de fútbol de céspede artificial:

- Arbo Club de Fútbol
- CEDRO
- Coruxo Fútbol Club
- Escola de Fútbol Vigo 2015
- Empresas: Anfaco-Cecopesca e Benteler
- Equipos non federados: cafetería Andén, Construcciones Carrera e Os do Punto
- Federación Galega de Fútbol
- Torneos Sociais: Torneo Amistad e Vigo en Xogo
- Usuarios particulares

Pistas de atletismo:

- Centros de formación de opositores: Aula Estudio, Academia Cervantes, Academia Fonseca, Ximnasio Athenas e Ximnasio Siglo XXI
- Delegación de Árbitros de Vigo
- Federación Galega de Atletismo
- IES A Guía de Vigo
- Igrexa Evanxélica de Vigo
- Sociedad Atlética Val Miñor

Pista polideportiva:

- Arieiro Fútbol Sala
- Bar Luada Fútbol Sala
- Club Sieiro Acrobacia
- Club Baloncesto Puerto Vigo
- Club Baloncesto Setentas
- PSA Peugeot-Citroën
- R.C. Celta de Baloncesto Feminino
- Residencia O Castro

Pista de tenis:

- Club de Tenis Cidade Olívica
- Fitgalicia
- PSA Peugeot-Citroën

Rocódromo:

- Club Trevinca de Montañismo



COMPLEXOS DEPORTIVOS UNIVERSITARIOS

Trátase de centros deportivos de xestión allea situados nos campus de Ourense e Vigo.



AQUA OURENSE

No seu segundo ano de actividade este centro continuou aumentando o número de usuarios. Así, a media de abonados titulares durante o curso situouse ao redor dos 1.000. A media de abonados totais foi superior aos 1.500.

O número total de participantes eventuais nos cursos foi de 189 e o de abonados 549.

O centro conta coas seguintes instalacións:

- Piscina: vaso principal de 25x18 e vaso de iniciación de 16x8
- Zona de benestar-hidromasaxe
- Ximnasio
- Sala de actividades dirixidas



CDU VIGO

A media de abonados titulares durante o curso foi de 800. A media de abonados totais foi de 1.000.

No caso dos cursos, o número de participantes internos en cursos foi de 400 e o de grupos de cursos externos 170.

